

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2013/12

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 15 de novembro de 2013.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e dez minutos do día **15 de novembro de 2013** réunese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

D^a Ana María Martínez Fernández.

D. Horacio Cupeiro Rodríguez

D^a Maria Teresa González Piñeiroa.

D. Xavier Campos López (incorpórase)

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.

D^a Azucena González Loredó.

D^a Maria del Campo López-Braña Freije

D.José Manuel Yañez Dablanca.

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Secretario:

D. José A.Carro Asorey

Interventor:

D. Luis R.Vázquez Parga.

Técnico de Admón. Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2013.01.50.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA DE DATA 26 DE SETEMBRO DE 2013.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión epigrafiada nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

Nestes momentos entra no Salón de Sesións incorporándose á sesión o Concelleiro do Grupo Municipal do BNG Sr. Campos López.

2013.02.51.- APROBACION DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DE VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

Pola Alcaldía dase conta de que se formulou unha alegación ao expediente de Ordenanza reguladora do uso e aproveitamento especial de vías públicas e espazos de titularidade municipal por CONFEMADERA GALICIA, que foi informada pola Secretaría da Mancomunidade e pola Secretaría municipal segundo obra no expediente proponéndose a desestimación da mesma e en consecuencia a aprobación de xeito definitivo da Ordenanza de referencia.

Sen promoverse deliberación, a Comisión por cinco votos a favor (dos membros do BNG e do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Popular), acorda ditaminar favorablemente este expediente para aprobación polo Pleno Municipal de xeito definitivo da Ordenanza municipal referida .

Sen promoverse deliberación a Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros acorda:

1º.- Desestimar a alegación formulada por CONFEMADERA GALICIA polos motivos expostos nos informes de Secretaría obrantes no expediente e que fundamentan tal desestimación.

2º.-Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza municipal de referencia coa redacción que a continuación se recolle.

3º. Publicar anuncio co texto íntegro da Ordenanza Municipal reguladora do uso e aproveitamento especial de vías públicas e espazos de titularidade municipal no Boletín Oficial da Provincia e tablón de anuncios do Concello, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da vixente Lewi 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

4º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

ORDENANZA REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DE VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

PREÁMBULO

O importe conxunto de investimentos que durante os últimos anos se viñeron realizando no municipio para rehabilitar pistas e acondicionar camiños de titularidade municipal, induce a implantar unha normativa que, sen diminuír os dereitos que todos gozan para transitar, free o uso inadecuado ou desproporcionado dos mesmos e o conseguinte deterioro dos firmes.

O período transcorrido desde a data en que estas vías se acondicionaron serviu para que a Corporación coñeza os resultados que se derivan da inexistencia dunha normativa que impida o uso indiscriminado e negligente destes bens de dominio público.-

En orde a reducir e eliminar paulatinamente esta situación, e ao abeiro das previsións contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos Regulamentos de bens e servizos de aplicación na administración local, así como da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establécese a presente normativa.-

Así mesmo, invócase o artigo 10 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, como motivación para o ditado das normas que se pretende na presente regulación, así como en materia de sancións por aplicación supletoria das disposicións contidas na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.-

"TÍTULO I.- XENERALIDADES.

Capítulo 1.- Habilitación normativa.

Artigo 1.- A presente Ordenanza dítase en virtude da potestade regulamentaria municipal recoñecida no Art. 4º a) da Lei reguladora das Bases de Réxime local 7/1985, dentro da esfera das súas competencias, entre as que se atopa segundo o establecido no Art. 25.2 d) da citada Lei, a ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; pavimentación de vías públicas e conservación de camiños e vías rurais.

Capítulo 2.- Obxecto e definicións.

Artigo 2.- O obxecto da presente Ordenanza é a regulación do uso e aproveitamento das vías públicas ou camiños urbanos e rurais, dentro do termo municipal de RIBADEO exceptuando as servidumes típicas de fincas illadas que se rexerán polos Artigos dende o 564 ao 568 do Código Civil.

Artigo 3.- Definicións.

- Vía pública: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por vía pública as avenidas, rúas, paseos, beirarrúas, prazas, cunetas, camiños, tanto urbanos como rurais, xardíns, zonas verdes, zonas terrosas, pontes, túneles, peonís, e demais bens de propiedade municipal destinados ao uso común e xeral dos cidadáns.
- Camiño: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por camiño o viario de dominio e uso público de terra de pequenas dimensións para tráfico local.-
- Estrada: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por estrada ás vías de dominio e uso público asfaltadas, proxectadas e construídas para a circulación de vehículos.-
- Cortas de madeira: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por corta a operación silvícola de apeo das árbores, enténdéndose por corta de policía as cortas de mellora que afectan só o arboredo seco, enfermo ou danado.
- Sacas de madeira: Tarefas de extracción, depósito, carga e transporte de madeira procedente de talas forestais que ocupen ou afecten a vías de titularidade municipal.

TÍTULO II. USOS E APROVEITAMENTOS.

Artigo 4.- A finalidade das vías públicas é o seu uso pacífico, libre, seguro e xeral, tanto para persoas como para animais e vehículos. Por iso, queda prohibido impedir o libre paso por eles, incluíndo dita prohibición calquera práctica cuxo fin ou efecto sexa o de non permitir o uso xeral antes definido, tanto de palabra como por feitos, barreiras, obras ou indicacións escritas de prohibición de paso.

Quedan exceptuadas desta prohibición aquelas que respondan ás necesidades municipais e estean ordenadas pola autoridade competente.

Capítulo I. Limitacións a actividades en cuxo desenvolvemento se faga uso de vías públicas.

Artigo 5.- Circulación de vehículos pesados.

En función á climatoloxía ou a situación que o requira para a protección do firme e a seguridade dos viandantes, o tránsito de vehículos pesados poderá ser regulado segundo o tipo de vía, podendo establecerse a prohibición de circular a vehículos de máis de 10 Toneladas, ou segundo a tipoloxía da vía, a tonelaxe que proceda, exceptuando o tránsito por necesidades de auxilio.

Artigo 6.- Carga, descarga e transporte de materiais e entullos.

Os responsables de operacións de carga, descarga e transporte de materiais ou entullos procederán á limpeza da vía pública e dos elementos desta que se tiveran ensuciado como consecuencia das citadas operacións.

Aos efectos da presente Ordenanza considéranse responsables das operacións de carga, descarga e transporte de materiais ao condutor do vehículo sendo responsables solidarios o subministrador dos materiais e o adquirente dos mesmos. No caso de carga, descarga e transporte de entullos considéranse responsables ao condutor do vehículo e solidariamente ao promotor da obra que xerou ditos entullos.

Artigo 7.- Limpeza e reparación de vehículos en vía pública.

Queda prohibido lavar vehículos e maquinaria na vía pública, efectuarlles cambios de aceite ou outros líquidos, así como reparalos, salvo actuacións puntuais de emerxencia, debendo en todo caso proceder con posterioridade á limpeza da zona afectada.

Capítulo II. Obrigas e limitacións de parcelas e inmobles estremeiros con vía pública.

Artigo 8.- Conservación das cunetas e sumidoiros.

Tódolos propietarios das fincas limítrofes a vías públicas terán a obriga de conservar debidamente as cunetas e sumidoiros estremeros coas súas propiedades. As labores periódicas de conservación efectuadas polo Concello non eximen ao propietario da súa obriga.

Queda expresamente prohibido o depósito nas cunetas de restos construtivos ou entullos, de materia vexetal, plásticos ou calquera outro elemento que poida supoñer unha obstrución das mesmas.

En caso de precisar colaboración por parte do Concello na conservación das mesmas comunicárase en tempo e forma debida co fin de minimizar os danos que poida ocasionar a súa obstrución. No caso de non comunicalo ao propietario estremero asumirá a responsabilidade dos posibles danos que se rexistren.

O Concello resérvase o dereito de realizar ou construír novas cunetas, taxeas ou sumidoiros, que permitan unha mellor distribución das augas co fin de diminuír o dano nas vías públicas e mellorar a súa conservación.

Artigo 9.- Limpeza de fincas e solares estremeros con vías públicas.

Polo que atinxe a roza da vexetación estarase ao regulado nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis da lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa dos incendios forestais de Galicia, deste xeito:

a) As fincas de solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado situado a menos de 400 metros do monte deberán permanecer limpas de broza, arbustos e vexetación de acordo co previsto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

b) É obriga dos propietarios/as das fincas a realización das tarefas de roza, evitando que a vexetación invada a vía pública, así como as escorrentas laterais, cunetas e pasos de auga.

c) Así mesmo, é obriga destes propietarios/as de fincas estremeros coa vía pública, a poda ata unha altura de 4,5 metros das ramas dos árbores que partindo da súa propiedade invadan a vía pública. No caso de árbores de froita estarase ó disposto no artigo 591 do Código Civil.

d) En caso de incumprimento do establecido nos apartados anteriores deste Artigo, o Concello poderá notificar ás persoas responsables as súas obrigas en materia de limpeza de fincas estremeros coa vía pública. Se no prazo de 15 días naturais os/as titulares das fincas non acometen as tarefas de limpeza, o Concello poderá proceder á execución subsidiaria dos citados traballos de limpeza, repercutindo o custo destes traballos ao/á propietario/a da parcela e, todo iso, sen prexuízo de seren comunicado, no caso de que non sexa competencia do concello, á Consellería competente nesta materia para que inicie o procedemento sancionador que corresponda.

Artigo 10.- Plantacións.

Para os efectos da distancia de arboredo estarase ao regulado pola lei 7/2012 do 28 de Xuño de Montes de Galicia, (artigo 68) .

Artigo 11.- Arado e outros traballos agrícolas en fincas estremeros coa vía pública.

O límite da aradura debe ser o límite do noiro ou do terraplén ata onde chegue a maquinaria sempre realizando o traballo dentro da propia finca sen invadir o camiño.

A invasión das cunetas debe de sancionarse. En concreto a apropiación das mesmas para a seu cultivo como si foran parte da finca estremera.

Todos os traballos que impliquen emprego de maquinaria deberán efectuarse dentro dos límites da propia finca, quedando prohibida a realización de manobras de xirado, arrastre de apeiros ou calquera outra que poidan implicar danos á vía pública.

O arrastre de terras ou calquera outro material debido á entrada ou saída de maquinaria da vía pública deberá de ser retirada polo causante coa maior celeridade posible, sendo responsable subsidiario o propietario da finca de orixe. En calquera caso, se no prazo de 24 horas non se produciu a súa retirada iniciárase o correspondente expediente sancionador.

Capítulo III. Obras efectuadas por particulares que afectan á vía pública.

Artigo 12.- Apertura de gabias, exploracións e calas en vías públicas e remoción de pavimento ou beirarrúas.

Remisión xenérica ao réxime xeral de licencias e obras reguladas na lexislación urbanística.

Artigo 13- Ocupacións temporais.

Por razóns de interese público, e de forma motivada, por razóns de interese particular poderán autorizarse ocupacións de carácter temporal ou instalacións desmontables sobre a vía pública, sempre que non alteren o tránsito normal. Estas deberán ser autorizadas polo órgano local competente.

Artigo 14.- Limitacións nos accesos das fincas particulares aos camiños.

O Concello pode limitar os accesos dende os camiños públicos ás fincas particulares e establecer con carácter obrigatorio os lugares en que teñen que construírse estes accesos por razóns técnicas.

Estes accesos ou salvacunetas deben construírse con tubaría de cemento ou similar con paramentos debidamente reforzados con formigón e cun diámetro mínimo de 40 cm, debendo permitir o libre transcorrer das augas ao seu través, mantendo o nivel correcto para elo. Excepcionalmente poderá obrigarse ao emprego dun diámetro superior cando sexa xustificable por razóns técnicas.

Os gastos de construción destes accesos correrán a cargo dos seus beneficiarios, e será tamén da súa responsabilidade o seu mantemento e substitución.

Os accesos ou salvacunetas manteranse permanentemente en perfecto estado, mantendo libre a luz dos tubos co fin de permitir o perfecto transcorrer das augas, en caso contrario, os danos causados nas vías públicas motivados polo seu atranco correrán a cargo do propietario do mesmo, reservándose o Concello o dereito de levantar dita entrada se con iso se minimizan os danos na vía, correndo os gastos de reposición por conta do seu propietario e todo iso sen prexuízo do inicio do correspondente expediente sancionador.

Art. 15.- Cerramentos e edificacións en fincas estremeiros coa vía pública.

Remisión xenérica ao réxime xeral de licencias e obras reguladas na lexislación urbanística.

TÍTULO III.- LICENZAS OU AUTORIZACIÓNS.

Artigo 16 .- De acordo co establecido no capítulo anterior será precisa licenza ou autorización para as seguintes actividades:

- a) Para o uso das vías municipais na carga e transporte de madeira así como calquera outra actividade que de xeito extraordinario se realice por esas vías e afecte ao seu estado ou conservación.
- b) Para o depósito de madeira ou outros materiais en vía ou espazo público.
- c) Para a construción de salvacunetas ou accesos ás fincas particulares.
- d) Para ocupacións temporais da vía pública.
- e) Para o cerramento de fincas estremeiras coa vía pública.
- f) Para a apertura de gabias, exploracións e calas en vías públicas e remoción de pavimento ou beirarrúas.
- g) Colocación de paneis publicitarios.

Artigo 17.- Comunicación para o uso das vías de titularidade do concello

1. Co fin de garantir a conservación da rede viaria municipal e evitar o risco de accidentes, e sen prexuízo dos permisos, autorizacións, comunicacións ou notificacións, que sexan outorgados polos organismos competentes na materia ou postos en coñecemento destes, establécese a obriga de comunicar perante o Concello as cortas de madeira que se realicen e que para a súa saca usen as vías de titularidade municipal, así como calquera outra actividade que de xeito extraordinario se realice por estas vías e afecte ao seu estado ou conservación establecéndose a obriga de solicitar o seu uso ao Ente Local.

A comunicación será realizada no concello antes de se iniciar a actividade e no caso das cortas ou talas de madeira, o comprador, ou titular da empresa madeireira responsable, antes de iniciar o aproveitamento para solicitar o uso das vías, entregará no concello unha copia do permiso, autorización comunicación ou notificación de que se trate, achegando xunto a comunicación dos traballos a realizar na que se especificarán os datos seguintes:

- a) Titular o titulares da finca ou monte afectado.-
- b) Datos do empresario madeireiro ou comercial extractora.-
- c) Data ou período previsto para a realización do transporte.-
- d) Previsión de Tns. a extraer.-
- e) Localización da finca ou monte afectado.-
- f) Lugar de depósito, camiños e vías de titularidade municipal a utilizar nos traballos e no transporte da madeira ou actividade de que se trate. Para estes efectos achegarase o ITINERARIO completo e datas da súa utilización que vai ser empregado para a actividade ou traballo de que se trate, que será aprobado, condicionado ou rexeitado polo concello.-
- g) Relación de vehículos que se van a utilizar no transporte facendo constar matrículas, tara e PMA de cada un deles.-
- h) Declaración responsable de reposición de danos nos bens de titularidade municipal e compromiso de retirada da biomasa sobrante que accidentalmente quede depositada nas vías a utilizar.-
- i) O interesado na súa declaración entenderá que as vías públicas a utilizar atópanse en perfecto estado, agás que achegue unha reportaxe fotográfica do estado anterior das vías a utilizar que será comprobado polos servizos municipais. Posteriormente, trala súa utilización achegará, así mesmo, unha reportaxe fotográfica do estado de discrepancias da anterior.-

Na comunicación farase constar a obriga e conformidade por parte do titular da actividade, de retirar da zona de extracción e depositar no lugar específico todos os lixos que puideran ocasionarse da actividade.

Xunto coa comunicación presentárase o xustificante de ter depositada a fianza ou depósito, que se establece no punto segundo deste artigo por calquera dos procedementos establecidos pola lexislación vixente.

2.- O solicitante da autorización do punto anterior, ingresará un depósito ou fianza a favor do Concello, na Tesourería Municipal co obxecto de responder do arranxo dos danos que se puideran producir nos viarios municipais e a limpeza dos restos das operacións de depósito e carga de madeira, non reparados voluntariamente na contía que recolle o seguinte cadro e que será devolta de non haber danos ao rematar os traballos:

Tipo de Vía	Garantía
Camiño	1 €m lineal
Estrada	2 €m lineal

As cantidades sinaladas no cadro anterior son para un movemento máximo de 260 Tn. debendo corrixirse por un factor multiplicador de 1,05 por cada intervalo ou fracción, de exceso na mesma cantidade.

3.- A devolución da fianza esixida neste artigo instárase mediante escrito dirixido ao Concello detallando que os traballos quedaron concluídos, así como no seu caso, os posibles danos causados, que deberá ser resolto pola Alcaldía no prazo dun mes trala inspección do servizo técnico municipal, ordenando a devolución pertinente ou requirindo ao titular da autorización para que execute as reparacións precisas.

Transcorrido un mes da resolución sen a realización das obras requiridas, o Concello procederá a execución subsidiaria a costa do solicitante, esixíndolle a este os custos que superen a fianza de ser o caso adoptando as medidas legais necesarias contra o titular da autorización.

4.- Prohíbese realizar tarefas de carga e almacenamento sobre os viarios municipais e estruturas anexas, aínda que se autorizan as operacións imprescindibles para a súa carga, axustándose á normativa de seguridade viaria e tráfico; en todo caso, as cunetas quedarán no estado primitivo que tiñan trala tala.

Os restos ou depósitos de materiais procedentes da tala, poda ou entresaca, non poderán invadir os viarios, tanto na zona de circulación de vehículos como de peóns.

5.- Sen prexuízo do establecido na lexislación urbanística, de medio ambiente forestal, do código da circulación e demais lexislación, normas e/ou ordenanzas que puideran ser de aplicación, o posuidor dunha autorización para a tala, depósito, carga e transporte de madeira estará obrigado a reparar de forma inmediata (no prazo máximo de cinco días) os danos producidos nos viarios ou nas estruturas anexas, así como á retirada e limpeza dos restos procedentes das operacións de tala, carga e almacenamento.

Transcorridos cinco días dende o coñecemento dos danos, infracción ou acumulación de restos, o Concello poderá realizar con cargo á fianza depositada as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos sen prexuízo da sanción que proceda e de exercer as accións oportunas para resarcirse dos custes, se estes non foran totalmente cubertos pola fianza.

O exercicio das actividades descritas no presente capítulo sen comunicar a correspondente acción a desenvolver, sen prexuízo da sanción correspondente, implicará a paralización da actividade ata a conclusión do expediente levando aparellada a reposición das vías municipais ao seu ser e estado primitivo

TÍTULO IV.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Capítulo I. Infraccións.

A potestade sancionadora fundaméntase pola aplicación do establecido no artigo 44 apartado 2 do regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño en base supletoria ás disposicións contidas na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.-

Artigo 18.- Son infraccións leves:

- a) A produción de danos nos bens de dominio público, cando o seu importe non exceda de 10.000 euros.
- b) O incumprimento das disposicións que regulan a utilización dos bens destinados a un servizo público polos usuarios do mesmo.
- c) O incumprimento das disposicións que regulan o uso común xeneral dos bens de dominio público.
- d) O incumprimento do deber dos titulares de concesións ou autorizacións de conservar en bo estado os bens de dominio público.
- e) Colocación de paneis publicitarios fora dos lugares habilitados e realización de pintadas infrinxindo o establecido no artigo 16.g) da presente ordenanza.
- f) Producir danos nas vías de titularidade municipal por manobras efectuadas con maquinaria no desenvolvemento de traballos agrícolas en fincas estremeiras coa devanditas vías, incluíndo o arrastre de terras ou doutros materiais.
- g) Deixar abandonados nas vías de titularidade municipal restos de materiais ou entullos como consecuencia de operacións de carga, descarga ou transporte dos mesmos.
- h) Falta de mantemento e limpeza de cunetas.
- i) En xeral, o incumprimento das obrigas, requisitos ou prohibicións establecidos nesta ordenanza, que non estean cualificados como infraccións graves ou moi graves.

Artigo 19.- Son infraccións graves:

- a) A produción de danos en bens de dominio público, cando o seu importe supere a cantidade de 10.000 euros e non exceda de 1.000.000 de euros.
- b) A realización de obras, traballos ou outras actuacións non autorizadas en bens de dominio público, cando produzan alteracións irreversibles neles.
- c) A retención de bens de dominio público unha vez extinguido o título que llexítima a súa ocupación.
- d) O uso común especial ou privativo de bens de dominio público sen a correspondente autorización ou concesión.

- e) O uso de bens de dominio público obxecto de concesión ou autorización sen suxeitarse ao seu contido ou para fins distintos dos que as motivaron.
- f) A non suxeición e sometemento a licenza, obtida conforme ao procedemento previsto no artigo 16 da presente ordenanza.-
- g) As actuacións sobre bens afectos a un servizo público que impidan ou dificulten gravemente a normal prestación daquel.
- h) Producir danos nas vías de titularidade municipal por arrastre de apeiros ou maquinaria agrícola.-
- i) O depósito, carga e transporte de mercadorías sen a correspondente comunicación responsable.
- j) A reincidencia en dúas infraccións leves no período de seis meses.
- k) Falta de mantemento e limpeza de salvacunetas e gabias.

Artigo 20.- Son infraccións moi graves:

- a) A produción de danos en bens de dominio público, cando o seu importe supere a cantidade dun millón de euros.
- b) A usurpación de bens de dominio público.
- c) A instalación de obstáculos ou a realización de calquera tipo de acto que impida totalmente o tránsito polas vías de titularidade municipal ou xere un elevado risco para a seguridade de persoas e cousas que circulen polas mesmas.
- d) Cando no caso de comisión de infraccións graves concorra algunha das seguintes circunstancias:
 - a. Malicia ou intencionalidade.
 - b. Irreversibilidade do dano causado.
 - c. Reincidencia en dúas infraccións graves no período de un ano.

Capítulo II. Sancións.

Artigo 21.- Importe de sancións

A contía das multas establécese supletoriamente polas establecidas na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, por aplicación da potestade sancionadora recollida no artigo 44 apartado 2 do regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño.-

- a) As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de ata 10 millóns de euros, as graves con multa de ata un millón de euros, e as leves con multa de ata cen mil euros.
- b) A infracción contemplada no parágrafo f) do artigo 18 sancionárase cunha multa de ata 10 euros por cada día de atraso no cumprimento do deber de comunicar a existencia dos saldos e depósitos abandonados, a contar desde o trixésimo día natural posterior a aquel en que naza esa obrigaición.
- c) Para graduar a contía da multa atenderase ao importe dos danos causados, ao valor dos bens ou dereitos afectados, á reiteración por parte do responsable, e ao grado de culpabilidade deste; considerarase circunstancia atenuante, que permitirá reducir a contía da multa ata a metade, a corrección polo infractor da situación creada pola comisión da infracción no prazo que se sinala no correspondente requirimento.
- d) En caso de reincidencia en infraccións graves ou moi graves poderase declarar a inhabilitación do infractor para ser titular de autorizacións e concesións por un prazo dun a tres anos.
- e) Con independencia das sancións que poidan impoñérselle, o infractor estará obrigado á restitución e reposición dos bens ao seu estado anterior, coa indemnización dos danos irreparables e prexuízos causados, no prazo que en cada caso fíxese na resolución correspondente. O importe destas indemnizacións fixarase executoriamente polo órgano competente para impoñer a sanción.

Disposición final.-Entrada en vigor

A presente entrará en vigor a partir do día seguinte ao da publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcurrido o prazo de 15 días a que fai referencia o artigo 65 da Lei 7/1985.”

2013.03.52-ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DA PRAZA DE ABASTOS, MERCADIÑOS E VENDA AMBULANTE NO TERMO MUNICIPAL DE RIBADEO ELABOURADA POLOS SERVIZOS MUNICIPAIS.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que obra no expediente:

Vista a Ordenanza municipal reguladora da Praza de Abastos, mercadiños e venda ambulante no termo municipal de Ribadeo elaborada polos servizos municipais.

Visto o informe de Secretaria obrante no expediente, esta Alcadia,

PROPON AO PLENO MUNICIPAL

Que previo ditame da Comisión Municipal Informativa se proceda á aprobación inicial e conseguinte tramitación da Ordenanza reguladora do servizo de referencia.”

O Sr.Alcalde explica os principais cambios que se producen nesta Ordenanza que data de 1998 e que son motivados principalmente pola adaptación da mesma á Lei de Comercio Interior de Galicia, referíndose á previsión que se fai na mesma do mercado dos domingos, para o mercado que se fixo os últimos dous anos na rúa peonil de Rodriguez Murias así como para os postos exteriores. Indica o Sr.Alcalde que se incorpora un plano e que se regula o tempo máximo das concesions nos postos interiores.

O Sr.Interventor refírese tamén a algún deste extremos e delibérase brevemente polos membros da Comisión.

Por último o Sr.Alcalde pon de manifesto a cuestión suscitada coas persoas xubiladas que ata o de agora viñan realizando vendas de produtos de produccion propia no recinto exterior da Praza.

Rematada a deliberación, a Comisión por catro votos a favor (dos membros do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto), acorda ditaminar favorablemente este expediente para aprobación inicial da Ordenanza polo Pleno Municipal.”

O Sr.Alcalde explica sintéticamente en que consisten os cambios producidos nesta Ordenanza.

Por parte dos Concelleiros do PSG-PSOE Sr.Gutiérrez Fernández e de UPRI Sr.Reymóndez Gancedo maniféstase a súa abstención.

Polo Grupo Municipal do PP intervén a Concelleira Sra.González Loredó que manifesta que quere mencionar outras partes da Ordenanza distintas das que se referiu o Sr.Alcalde e que o Grupo xa lle pediu reiteradamente por certos problemas que había no mercado, de regulación, e dí que non lle parece ben que se traia ao Pleno o debate sobre os xubilados que ata agora vendían no mercado. En todo caso pide que mañá non vaia sair na prensa ese tema e que non se mezcle co da Ordenanza. Indica que o seu Grupo vai votar a favor do que se recolle na Ordenanza.

A Corporación, en votación ordinaria, por once votos a favor (sete dos membros do Grupo Municipal do BNG e 4 dos membros do Grupo Municipal do PP) e dúas abstencións (dos Concelleiros do Grupo Mixto, un do PSG-PSOE e outros de UPRI), acorda:

1º. Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza reguladora de referencia segundo consta no expediente.

2º. Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional e a Ordenanza durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a publicación.

2013.04.53-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL T19 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE MERCADO.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 12/11/2013 que se transcribe:

“Obra no expediente proposta de modificación da Ordenanza fiscal T19 reguladora da taxa polo servizo de mercado, de data 5 de novembro de 2013.

Consta igualmente o informe da Intervención municipal.

A Comisión, sen promoverse deliberación acorda por catro votos a favor (dos membros do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto), ditaminar favorablemente este expediente para aprobación inicial da Ordenanza fiscal de referencia polo Pleno Municipal.”

A Corporación, en votación ordinaria, por once votos a favor (sete dos membros do Grupo Municipal do BNG e 4 dos membros do Grupo Municipal do PP) e dúas abstencións (dos Concelleiros do Grupo Mixto, un do PSG-PSOE e outros de UPRI), acorda:

1º. Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza reguladora de referencia segundo consta no expediente.

2º. Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional e a Ordenanza durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a publicación.

2013.05.54.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL T6 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON ELEMENTOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Por parte da Alcaldía dase a palabra ao Sr.Interventor que explica que a modificación desta Ordenanza consiste en regular a taxa que se fixaba para os separadores nas terrazas con cota anual ou por tempada e non por mes como estaba ata o de agora, para adaptala ao resto de conceptos e períodos.

A Comisión Informativa, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto), acorda ditaminar favorablemente este expediente para aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal de referencia polo Pleno Municipal.”

O Sr.Alcalde explica que se trata somentes da redacción do concepto e do prazo para cobro da taxa porla utilizacion de separadores que estaba algo confuso.

O Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE abstense e igualmente o Concelleiro de UPRI Sr.Reymondez Gancedo.

Polo Grupo Municipal Popular intervén a Concelleira Sra.González Loreda que manifesta que cando se aprobou esta Ordenanza xa se lle dixo ao equipo de goberno que debería falar co sector, debatir, etc.e cre que é a terceira vez que veñen modificacións da Ordenanza. En todo caso entende que esta modificación é puramente técnica e que van votar a favor.

A Corporación, en votación ordinaria, por once votos a favor (sete dos membros do Grupo Municipal do BNG e 4 dos membros do Grupo Municipal do PP) e dúas abstencións (dos Concelleiros do Grupo Mixto, un do PSG-PSOE e outros de UPRI), acorda:

1º. Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza reguladora de referencia segundo consta no expediente.

2º. Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional e a Ordenanza durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a publicación.

2013.06.55.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 20/2013.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente a modificación de crédito 20/2013, por importe de 33.100,00 euros.

O Sr. Alcalde pasa a palabra ao Concelleiro Delegado de Economía e Facenda que explica que se trata de dar cobertura ao servizo de atención á dependencia por aumento no gasto presupostado e a necesidade de contar con mais xente. Explica tamén que recentemente se produciu unha xubilación, xa prevista, dunha das Auxiliares de axuda no fogar a domicilio.

A Comisión Informativa, por cinco votos a favor (dos membros do Grupo do BNG e do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Popular), acorda ditaminar favorablemente este expediente para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”

Sen promoverse deliberación a Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e en consecuencia aprobar a proposta da Alcaldía cuxo texto se transcribe:

“Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 20 do Orzamento Xeral de 2013 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- Que na Resolución de Alcaldía de inicio xustifícase o motivo da tramitación deste expediente coa finalidade de dotar crédito na partida relativa aos servizos complementarios de axuda no fogar a dependentes valorados que se prestan polo concello, con código 233.22700, coa que se cobren aqueles casos que non poden ser asumidos directamente polo persoal municipal. Debido ao incremento de casos de dependencia durante o presente ano con relación ao exercicio precedente, superáronse con creces as previsións orzamentarias, e na medida en que vai ser imprescindible seguir empregando ata o remate do exercicio o servizo de apoio, faise obrigado darlle cobertura orzamentaria.
- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de trinta e tres mil cen euros (33.100,00 €), e finánciase con transferencias doutras partidas de distinta área de gasto, cuxa consignación corresponde a retribucións de persoal e seguridade social de prazas non cubertas das áreas de administración xeral e servizos económicos, concretamente so secretario e do técnico de xestión da área económica, que non vai ser empregada ata o remate do exercicio.

Visto o informe de Intervención emitido o día 07/11/2013 e considerando, malia o alí exposto, que o servizo complementario de axuda no fogar a dependentes valorados é, nestes intres, imprescindible para cumprir coas obrigas do concello cos usuarios que teñen valorada a súa dependencia pola Xunta de Galicia, pola insuficiencia do persoal propio para prestalo, e cómpre en consecuencia dotar a consignación precisa ata que se realice unha nova licitación.

Considerando ademais os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 169, 170, 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de transferencias de crédito,
- Os artigos 40 a 42 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e as Bases de Execución do Orzamento Xeral do exercicio 2013.

De conformidade co exposto proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 20-2013 de modificación do Orzamento Xeral de 2013 por importe de trinta e tres mil cen euros (33.100,00 €), na modalidade de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

MODIFICACIÓN NÚMERO 20 DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2013 POR TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.

ALTA POR TRANSFERENCIA.

ESTADO DE GASTOS				
PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
233.22700	Atención a dependentes. Limpeza e aseo	45.000,00	33.100,00	78.100,00
Total expediente de modificación de créditos 20/2013				33.100,00

BAIXA POR TRANSFERENCIA

ESTADO DE INGRESOS				
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
920.12000	Administración Xeral. Soldos grupo A1	21.271,20	-5.500,00	15.771,20
920.12101	Administración Xeral. Complemento específico	98.656,36	-5.300,00	93.356,36
931.12001	Política económica e fiscal. Soldos grupo A2	7.209,00	-6.700,00	509,00
931.12100	Política económica e fiscal. Complemento destino	34.346,52	-4.000,00	30.346,52
931.12101	Política económica e fiscal. Complemento específico	78.204,12	-4.100,00	74.104,12
931.12103	Política económica e fiscal. Outros complementos	18.758,44	-1.300,00	17.458,44
931.16000	Política económica e fiscal. Seguridade social	55.178,08	-6.200,00	48.978,08
Total expediente de modificación de créditos 20/2013				-33.100,00

SEGUNDO. – Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.”

2013.07.56.-DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO (3º TRIMESTRE 2013).

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa:

“Dase conta do informe a que se refire o epígrafe que obra no expediente.

Sen promoverse deliberación a Comisión queda enterada e dase por cumprido o tramite de dacción de conta aos efectos procedentes para o Pleno municipal.”

Sen promoverse deliberación algunha, a Corporación dase por enterada e por cumprido o trámite correspondente.

2013.08.57.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL T5 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL

A instancia da Alcaldía por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión que se transcribe:

“Por parte da Alcaldía dase conta da proposta de modificación da Ordenanza fiscal T5 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo do dominio público local que se pretende levar ao próximo pleno, polo que solicita dos membros da Comisión a declaración de urxencia para a súa inclusión na Orde do día do mesmo.

Por parte dos membros da Comisión acórdase por unanimidade a declaración de urxencia deste asunto, pasándose en consecuencia ao estudio do mesmo.

O Sr.Alcalde explica en que consiste esta modificación relativa á cota tributaria prevista nesta taxa, na tarifa sexta en relación coa utilización dos caixeiros automáticos dende a vía pública.

Consta informe do técnico municipal e igualmente o informe da Intervención.

A Comisión Informativa, por cinco votos a favor (dos membros do Grupo do BNG e do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Popular), acorda ditaminar favorablemente este expediente para adopción do correspondente acordo de aprobación inicial desta modificación polo Pleno municipal.”

O Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE manifesta que vai votar a favor xa que todo son ventaxas.

Por parte de UPRI maniféstase polo Concelleiro Sr.Reymondez Gancedo que tamén vai votar a favor.

Polo Grupo Municipal do Partido Popular intervén a Concelleira Sra.González Loreda tamén se manifesta que van votar a favor.

A Corporación en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º. Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza reguladora de referencia segundo consta no expediente.

2º. Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional e a Ordenanza durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a publicación.

2013.09.58.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). MOCIÓNS. DACION DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. ROGOS E PREGUNTAS.

MOCIÓNS

1.-MOCIÒN DA ASOCIACIÓN DE EMIGRANTES RETORNADOS SOBRE SANCIÒNS POR IRPF AOS EMIGRANTES RETORNADOS.

Dase conta pola Alcadia-Presidencia da Moción-escrito formulado pola Asociación de Emigrantes retornados, que se transcribe:

“Galiza padeceu, e continúa padecendo, unha emigración brutal. Miles de galegos e galegas emigraron desde comezos do século XIX a moitos países para procurar un medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación, tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós e avoas para poderen ter un traballo. Moitas das persoas emigrantes, xa de retorno na Galiza e en idade de xubilación, son beneficiarias de pensións que perciben de estados estranxeiros. Nos últimos meses este colectivo comezou a recibir requirimentos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades percibidas durante o ano 2008 en concepto de pensións no estranxeiro, coa finalidade de proceder á regularización ou no seu caso formulación da declaración sobre o imposto das persoas físicas correspondente ao exercicio de 2008. Estes requirimentos, que tamén indican a obriga a realizar esta actualización en relación cos exercicios de 2009, 2010 e 2011, estanse producindo nos últimos días de forma masiva en toda Galiza afectando a milleiros de persoas pensionistas retornadas, e de forma moi intensa, tamén a veciños e veciñas do noso concello.

Hai que constatar que estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declaren as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da obriga de facer esa declaración anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade ou de defraudar por parte destas, e que se apoia co feito de os estados pagadores nunca lles expediren ningunha certificación en relación coas cantidades percibidas. Con estes antecedentes resulta sorprendente que, cinco anos máis tarde, reciban este tipo de requirimentos por parte da Axencia Tributaria, coa advertencia dunha posíbel sanción por non teren cumprido con obrigas tributarias que descoñecían. E cando os evasores fiscais se benefician de amnistías, constitúe unha auténtica inmoralidade a simple ameaza dunha sanción a estas persoas, traballadores e traballadoras emigrantes retornadas. Desde o mes de febreiro veñen mantendo reunións coa Axencia Tributaria sen que se obtivesen resultados concretos, agás a posibilidade de ampliación de prazos para o pago das declaracións complementarias.

Por outro lado, até hai poucos días os expedientes sancionadores referíanse ao exercicio de 2008 e permitían a presentación en período voluntario das declaracións dos anos 2009, 2010, 2011 e 2012. Porén temos coñecemento de que recentemente hai persoas que recibiron expedientes que inclúen todos os exercicios, un feito que complica de forma moi relevante a súa situación. A única saída a esta situación é que o Goberno do Estado anule todos os expedientes sancionadores e que se inicie unha campaña para informar adecuadamente as persoas pensionistas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, obviando os exercicios do período 2008-2012. Esta medida é a única razoábel e xusta tendo en conta a inexistencia de información e a ausencia de responsabilidade e por tanto de vontade de fraude por parte destas persoas.

E sen prexuízo das medidas urxentes para evitarlles esta penosa situación, é preciso que, por parte do Goberno do Estado para evitar novas situacións, se revisen os convenios marco con outros países, como por exemplo o establecido con Alemaña no ano 2012.

Por iso, a Asociación de Emigrantes Retornados da Mariña solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.

2.- Instar á Xunta de Galiza a

Estabelecer mecanismos para colaborar con este concello na prestación de asesoramento a todas as persoas afectadas que o precisaren.

2. Demandar do Goberno do Estado a adopción urxente das seguintes medidas:

- A anulación de todos os expedientes sancionadores instruídos pola Axencia Estatal Tributaria e que se lles notificaron nos últimos meses a persoas beneficiarias galegas de pensións no estranxeiro por non tributaren por estas cantidades nos exercicios a partir do ano 2008, tendo en conta o absoluto descoñecemento que tiñan desta obriga tributaria.
- Facilitar a regularización da situación do período 2008/2012 sen fixar para as persoas que se atopen nesta situación nen regargos, nen intereses de demora.
- O inicio dunha campaña de información a todas as persoas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, anulando os requirimentos relativos aos exercicios comprendidos entre os anos 2008 e 2012.
- A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volver a producirse no futuro

3. Demandar do Goberno do Estado una modificación legislativa que fixe un mesmo rexime do IRPF con independencia de se estas proceden dun Estado ou de varios Estados.

4.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e Congreso de Deputados.”

O Sr.Alcalde explica pólo miúdo o contido desta Moción.

O Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto Sr.Gutiérrez Fernández manifesta que vai apoiar a Moción e votar favorablemente.

Por parte de UPRI tamén no Grupo Mixto, intervén o Concelleiro Sr.Reymondez Gancedo que manifesta que se trata dunha Moción que na exposición de motivos parece que ven dun partido político. Dí que se trata dun tema complexo e que a lei debe ser igual para todos, que igual que unhos non pagaron outros igual levan pagando quince anos e que existen convênios de dobre imposición dende hai moitos anos. Realiza unha explicación sobre este asunto. Manifesta que está de acordo e que em todo caso se hai xente que pagou ao mellor tamén teñen que devolverlle. Manifesta a súa abstención.

Por parte do Grupo Municipal do Partido Popular intervén o Sr.Valín Valdés. Manifesta que o seu Grupo vai votar a favor. Como representante do Grupo Popular asistiu a unha reunión informativa hai unhas meses e van defender as pretensións indicadas na Moción xa que ademais non lles parece que aplicar unha norma con carácter retroactivo sexa de recibo.

Remata as intervencións o Sr.Alcalde indicando que o seu Grupo non é o portavoz da Asociación pero que está de acordo co plantexamento da mesma e que van votar a favor.

A Corporación en votación ordinaria, por doce votos a favor (sete dos membros do Grupo do BNG, catro dos membros do Grupo Popular e un do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto Sr.Gutiérrez Fernández) e unha abstención (do membro de UPRI Sr.Reymondez Gancedo), acorda prestar aprobación á Moción de referencia nos termos da mesma.

2.-MOCIÓN DO GRUPO DO PP SOBRE PROGRAMA DE MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL 2013-2014.

Intervén ao inicio o Concelleiro Sr.Valín Valdés do Grupo Municipal Popular que interesa que non se debata este asunto toda vez que está fora de prazo. Indica que en todo caso vale para dúas cousas indicar que a Xunta de Galicia colabora con moitas cousas co Concello de Ribadeo nesta tamén pero fundamentalmente dí que o Alcalde actual leva gobernando seis anos e antes como Tenente de Alcalde e que se estableceu unha relación coa oposición na que se intenta consensuar os principais temas. Quere pedirlle que como teñen contacto directo coas parroquias que se teña en conta este listado cara ao futuro e ademais que lles permita facer propostas para o futuro. Manifesta que a intención desta Moción era esa.

O texto da moción é o seguinte:

“O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicaba, con data 30 de novembro de 2013 a RESOLUCIÓN pola que a Xunta de Galicia -a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)- aproba o Plan marco do **Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014.**

Esta actuación, promovida polo Goberno galego, insírese dentro do obxectivo global dos plans de mellora das infraestruturas no medio rural, que persegue que a totalidade dos concellos de Galicia se beneficien da mellora das súas infraestruturas básicas, de xeito particular, daquelas que inciden na mellora da calidade de vida da súa poboación rural.

As obras que poderán ser incluídas ao abeiro deste plan marco son actuacións de ampliación, mellora ou mantemento de camiños de titularidade municipal eos seguintes criterios:

1. Ampliación: as que supoñan un incremento da largura que incidan na mellora de seguranza viaria, permita o cruzamento de vehículos ou sobrelargos necesarios en zonas de curvas, de baixa visibilidade ou entroncamentos.

Tamén poderán incluír obras de incremento de lonxitude sempre que esta ampliación

supoña rematar nunha estrada outro camino ou edificación ou parcela de uso público.

2. Mellora: as que supoñan un reforzamento do piso existente coa incorporación de novas capas máis axeitadas as características do tráfico rodado que soportan.

Terán tamén esta consideración as obras de mellora da drenaxe, da seguranza viaria, reforzamento de noiros (con muros ou outras estruturas de contención), adecuación de obras de paso de cursos fluviais e reforzamento de cunetas así como a integración ambiental ou a mellora da sinalización.

3. Mantemento: tanto do piso existente (escarificacións e compactacións, arranxo de fochas, tratamentos superficiais etc.) como das marxes (limpeza e perfilación de noiros e cunetas), reforzos dos terrapléns.

O financiamento destas actuacións, non suporá ademais unha merma de recursos municipais xa que correrá a cargo do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader), aos que se engaden fondos da Xunta de Galicia e da Administración xeral do Estado.

A orde establece un breve prazo (quinze días naturais seguintes á publicación no DOG da resolución) para solicitar as achegas económicas concedidas e propondor a relación de investimentos a executar con estas axudas.

É polo que, SOLICITA:

Que a proposta de obras a executar ao abeiro do Programa de mellora de camiños de titularidade municipal inclúa, por esta orde de prioridade as actuacións que se relacionan no anexo que se adxunta.”

Sen entrar en mais consideracións o Sr. Alcalde dí que lle parece ben o que manifesta o Concelleiro Sr. Valín Valdés e dase por retirada a Moción.

3.- MOCIÓN DO BNG CONTRA A SUBA DO CANON DE SOGAMA.

Dase conta da Moción que se transcribe:

“A Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos da Galiza, e o Plano de xestión dos residuos sólidos urbanos da Galiza atribúen a condición de xestor nas operacións do proceso de xestión de residuos á Sociedade Galega de Medio Ambiente S.A. (SOGAMA).

A xestión do tratamento de residuos encomendada a SOGAMA foi acompañada do establecemento dun canon por parte dos concellos, fixado en 55,91 euros por tonelada de lixo tratada e mais o IVE.

Agora, o goberno do PP introduce nos orzamentos da Xunta de Galiza a revisión do canon para acadar os 74,64 euros por tonelada tratada, sen IVE, o que vai supor un incremento de preto do 34% para os máis de 290 concellos adheridos. A razón esgrimida é allea á relación entre os concellos e SOGAMA, ao ser unha decisión política adoptada polo Goberno central do PP na súa política de reforma do sector eléctrico, que impón recortes nas tarifas para percibir pola coxeración eléctrica. Ante a caída de ingresos que sufrirá SOGAMA pola xeración de enerxía, óptase por cargarlle á cidadanía novamente este recorte en lugar de o facer sobre os beneficios das empresas xeradoras de enerxía.

Esta medida unilateral do PP, sen coñecemento nin participación dos concellos adheridos no proceso de toma de decisión, pretende un incremento desproporcionado e abusivo que se repite, como noutros ámbitos por parte do Goberno do PP, pola adopción de medidas dirixidas a salvar ás grandes empresas corporativas transnacionais, e neste caso pola decisión cuestionábel da reforma eléctrica que favorece o oligopolio das grandes empresas enerxéticas, e penaliza as fontes de xeración alternativas.

Ademais, non só se pretende con esta suba compensar as perdas presentes e previsíbeis que ten SOGAMA, senón pasar a ter uns beneficios de preto de 7 millóns de euros a conta da cidadanía galega que verá repercutido este canon nos recibos que cobran polo servizo de recollida de lixo aos concellos. Este feito é especialmente grave cando SOGAMA nin sequera trata todo o lixo que recibe e carece de sentido transportalo para rematar nun vertedoiro.

Esta proposta de incremento desmesurado dos custos de tratamento do lixo por parte de SOGAMA vén a confirmar as denuncias feitas con anterioridade polo BNG sobre o fracaso do proxecto SOGAMA e o Plano de Residuos Sólidos Urbanos implantado polo PP na Xunta de Galiza. Os feitos acontecidos desde a aplicación dese plano demostran seren falsas as afirmacións -do Goberno galego e de SOGAMA- de que se trataba da opción máis respectuosa desde o punto de vista ambiental e con máis vantaxes económicas.

Desde o punto de vista ambiental, SOGAMA insiste na incineración dos residuos sólidos urbanos co fin da súa valorización enerxética, sen ter en conta outros principios reitores no tratamento do lixo de maior importancia ecolóxica, como a redución, a reutilización directa e a reciclaxe de residuos, a compostaxe, e a proximidade no tratamento, cuxa consideración prioritaria no deseño dun modelo de xestión do lixo, ademais de supor un modelo de xestión máis sustentábel ambientalmente, traduciríase nunha contención de custos.

Ademais, os problemas detectados de acumulación de residuos e vertidos no complexo de SOGAMA demostran que nin sequera unha porcentaxe significativa dos residuos se valorizan ou se reciclan, senón que simplemente se enterran.

Por outra banda, desde a aprobación da Lei 10/1997, os sucesivos Gobernos do PP na Xunta tiveron empeño en impedir a existencia de plans alternativos como o iniciado no Morrazo, que foi desmontado por gobernos municipais do PP ou como o que se está a desenvolver pola Mancomunidade da Barbanza, que se executa a pesar do PP, que puxo

trabas, sobre todo no que atinxe a acceder a axudas nas condicións cando menos análogas ás que tivo SOGAMA. En todo caso, son modelos que priorizan a reciclaxe e compostaxe e mostran custos máis sensatos, para alén de crear máis emprego directo. De feito, a transformación de modelo de xestión dos RSU podería supoñer uns 2.000 novos postos de traballo con base en proxectos de comarcalización, cun menor custo ambiental e redución do custo de transporte.

Cómpre lembrar a falta de colaboración dos gobernos do PP na Xunta de Galiza, pola decisión política de asignar, case na súa totalidade, os recursos públicos para o tratamento de residuos sólidos a financiar SOGAMA e afogar os modelos de xestión diferentes que se aparten da valorización enerxética do lixo. Mesmo planos estatais recolleron os criterios de proximidade no tratamento e que a fracción orgánica do lixo se tratase prioritariamente por procedementos distintos á incineración.

A Xunta de Galiza, a través de SOGAMA ou doutras entidades que se crearen, preferentemente de tipo comarcal, debe ofrecer á cidadanía e aos concellos galegos modelos de xestión dos residuos alternativos á incineración e ao vertido. Só dentro dun modelo así poden facer unha política de prezos que favoreza os tratamentos ecolóxicos (recollida selectiva de calidade, reciclaxe, compostaxe) e penalice a recollida sen separar e o vertido e a incineración. Nun escenario deste tipo podemos reducir fortemente os custos de tratamento e evitar o incremento das taxas. Mentres tanto, aumentar os pagos a SOGAMA é financiar a ineficiencia ambiental e a destrución de recursos e empregos.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Retirar dos orzamentos do próximo ano o incremento previsto do canon de SOGAMA que deben satisfacer os concellos.
2. Que calquera modificación que se pretenda pase obrigatoriamente por un consenso coa FEGAMP e cos concellos implicados, coa participación de SOGAMA e da Consellaría con atribucións en medio ambiente.
3. Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020, eliminando a previsión de construír un nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo que supere Sogama, mediante proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos e recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados.”

Intervén o Sr.Alcalde que realiza un resumo sobre o contido da Moción. Refírese a unha circular que se enviou a todos os Concellos sobre este tema e na que se traslada aos Concellos a suba de referencia.

Iníciase unha quenda de intervencións facendoo en primeiro lugar o Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE no Grupo Mixto que se manifesta a favor da Moción.

Por UPRI intervén o seu Concelleiro Sr.Reymóndez Gancedo que pregunta en primeiro lugar ao Sr.Alcalde se a suba vai ser repercutida aos veciños respostando o Sr.Alcalde que non lle pode dicir pero que confían en que a Xunta dea marcha atrás. Manifesta que pensa que pode haber algo de fraude de lei e que non está de acordo en que se incremente a taxa, amosando o seu acordo co contido da Moción.

O Concelleiro Sr.Valín Valdés do Grupo Municipal Popular manifesta que como argumentos en contra van poñer enriba da mesa os que xa se expuxeron, que ninguén obriga a estar con SOGAMA, que depende do Concello o repercutir ou non os dez euros anuais por habitante.

Refírese ao argumentario da Moción sobre a reciclaxe e á actuación de SOGAMA indicando que é moi fácil falar dende a oposición pero non tanto dende o goberno.

Delibérase entre diferentes Concelleiros sobre diversos aspectos da reciclaxe e custos da enerxía eléctrica así como sobre o contido da Moción.

Rematada a mesma a Corporación en votación ordinaria, por nove votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG e dos Concelleiros de UPRI e PSG-PSOE no Grupo Mixto) e catro en contra (dos membros do Grupo Municipal do PP) acorda prestar aprobación á Moción de referencia nos termos indicados.

2013.10.59.- DECLARACIÓN DE URXENCIA.-

PROPOSTA DE MANTEMENTO DO NOME DO IES DIONISIO GAMALLO FIERROS NO CENTRO EDUCATIVO RESULTANTE DA UNIFICACIÓN DOS IES PORTA DA AUGA E GAMALLO FIERROS, EN RIBADEO.-

Pola Alcaldía–Presidencia explicase aos membros da Corporación que o Pleno do Concello en sesión celebrada con data 17 de setembro de 2012 acordou por unanimidade solicitar ao claustro de profesores que se manteña o nome de “IES Gamallo Fierros” para o Centro unificado actual e que agora o que se pretende é ratificar, no seu caso, este acordo.

A Corporación, por unanimidade, acorda declarar a urxencia do presente asunto e pasar ao estudo do mesmo.

Iníciase deliberación entre os membros da Corporación significándose que o nome de Dionisio Gamallo Fierros foi proposto non caprichosamente senon porque se trata dunha persoa de Ribadeo, catedrático, que foi o gran impulsor do extinguido Instituto Laboral de Bacharelato que houbo no mesmo edificio no que agora se sitúa o IES, sendo tamén o primeiro Director do referido Centro. Importante persoeiro da

cultura, dinamizador socio-cultural de Ribadeo, donou unha importante parte da súa biblioteca á Biblioteca Pública Municipal “ El Viejo Pancho” todo o que, naturalmente, fai que en merecida homenaxe o IES leve o seu nome, que é compartido por unanimidade por todos os actuais Corporativos.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria á vista do anterior acordo plenario e motivos expostos de novo na propia deliberación, acorda ratificar o anterior acordo e manter a solicitude deste Concello para que o nome do IES de referencia sexa o de “IES Dionisio Gamallo Fierros”.

DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA DENDE O NÚMERO 222 DE 31 DE AGOSTO AO NÚMERO 278 DE 29 DE OUTUBRO DE 2013.

O Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE manifesta que non ten ningunha pregunta sobre estas Resolucións.

Intrvén a continuación o Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto Sr.Reymóndez Gancedo.

Pregunta polo decreto da Alcaldía relativo a gastos do servizo de correos, que lle parece excesivo o importe de maio, xuño e xullo polos envíos postais, manifestándose polo Sr.Alcalde e tamén polo Concelleiro de Economía e Facenda que probablemente sexa por envíos de multas que son moitas e por acuse de recibo das que se fan dous envíos grandes ao longo do ano aínda que tamén pode haber outro tipo de envíos e ademais dos envíos habituais ao longo do ano.

O Concelleiro Sr.Reymóndez Gancedo refírese a continuación ao decreto número 51 bis, aclarándose que é sobre un gasto de 4.800 euros polo sistema de educación ambiental, explicando o Concelleiro de Medio Ambiente Sr.Cupeiro Rodríguez a qué se refire exactamente, promovéndose deliberación sobre a importancia ou non desta cuestión.

Pregunta o mesmo Concelleiro polo Decreto 225 relativo a inscrición da Asociación da Comisión de Festas Patronais no Rexistro municipal, respostando o Sr.Alcalde que é unha obriga das Asociacións principalmente pola cuestión das contas que deben rendir e sobre as que responde cada unha delas.

Decreto 236 por importe de 700 euros sobre un pago en avión a Chile para ver a un familiar enfermo que se pagou a un inmigrante, referíndose aos reparos que pon a Intervención.

O Sr.Alcalde explica o sistema de axudas de emerxencia social aínda que non coñece o caso concreto.Sabe que o Interventor recomenda que se faga un regulamento e que se está estudiando.

Hai outro dunha viaxe a Brasil que figura noutro decreto pero que non chegou a pagarse xa que non se realizou.

Delibérase sobre esta cuestión.

Pregunta polo decreto 254 sobre diferentes pagos por un exceso de espacio en cuestións informáticas da páxina web, explicando o Sr.Alcalde que probablemente se deba a por exemplo o Plan Xeral que se publicou recentemente que no había suficiente no contrato e houbo que contratar mais.

Pregunta tamen sobre o decreto 265 sobre pago de asistencias a plenos e comisión. Di que él aparece con 110 euros nos últimos dous meses. Chámalle a atención que existan reparos de Intervención. Pide que se lle reteña ata que deixe de haber reparos, a él persoalmente.

O Sr.Alcalde explica a cuestión de cómo figura nas Bases de execución dos orzamentos que aparecen os órganos do Concello pero non cando un concelleiro asiste a un órgano externo en representación do Concello, o que vai motivar unha modificación nese senso nas Bases para o Orzamento de 2014.

O mesmo concelleiro pregunta polo decreto 266, páx. 4 por reparación de moto da Policía Local, 855 euros. O Sr.Alcalde explica que foron varias reparacións e pezas.

Refírese ao decreto 267 por factura do gabinete de prensa, expresándose que o importe é por ano.

O Conceleiro Sr.Valín Valdés, do Grupo Municipal Popular fai constar que é certo que existen moitos reparos e á marxe pidelle por favor ao Interventor lle indique quen é o usuario do teléfono que mais consume do concello.

O Sr.Alcalde fai unha breve explicación dos teléfonos fixos e móbiles existentes no Concello así como das limitacións destes últimos en canto ao importe de consumo.

Pregunta por un decreto relativo á obriga da empresa UTE que realizou as obras do Pavillón Polideportivo á que se lle require que ingrese unha cantidade pero no Concello de Foz, sinalándose por Intervención e pola Alcaldía que se trata dun erro.

ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr.Alcalde da resposta a un rogo formulado por escrito polo Sr.Gutiérrez Fernández sobre unhos verquidos na coñecida por “Cova da vella”, dando conta de que se trasladou o mesmo á empresa concesionaria e que se presentaron facturas así como un estudio que tiñan feito sobre as obras necesarias no paseo marítimo por obstrucións que se producen no mesmo ao existir un estrangulamento na rede de sumidoiros.

Realizouse un proxecto sobre a mellora que se debe realizar indicando que se remitiu ao Presidente do Grupo de Portos para o financiamento xa que foi este Ente quen

modificou dalgna maneira o mesmo con motivo das obras que realizou no peirao de Porcillán.

O Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández pregunta se aportan os datos de consumo do bombeo, indicando o Sr.Alcalde que sí e que están nas oficinas municipais aos que pode acceder.

ROGOS E PREGUNTAS DO PSG-PSOE.-

Intervén o Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE no Grupo Mixto para referirse a os destrozos que se realizaron hai unhas dous anos na zona do Cargadeiro que xa pagaron os culpables pero indica que quedan trozos de mobiliario e que segue sen poñer o valo que da acceso ao Cargadeiro rogando que se repoña.

O Sr.Alcalde descoñece se o valo foi tamén no acto vandálico pero en todo caso que se mirará e reporá, no seu caso.

Formula outro rogo sobre árbores que faltan na Praza de Abastos, no Paseo marítimo, no camiño do cemiterio e finalmente na rúa de San Roque que hai un que secou ou o secaron pedindo que pola Policía Local se investigue e que en todo caso se tome nota para a reposición segundo indica. O Sr.Alcalde recolle o rogo.

Pregunta sobre unha circular que enviou a Alcaldía aos constructores preguntando se se incoou algún expediente a algún constructor por algunha obra ilegal.

O Sr.Alcalde resposta que algún sí e que pagaron.

Formula outro rogo sobre un decreto de hai tempo relativo a un expediente dunhas obras ilegais por un muro, na zona de Os Garitos.

Roga que se adopten medidas xa que non se fixo nada e hai un forno e unha chimenea, un bidón, etc. que é vergonzoso e debe resolverse. O Sr.Alcalde acepta o rogo.

Tamén formula outro rogo en relación ao control dos cans, preguntando ao propio tempo se existe algún rexistro sobre este asunto. O Concelleiro delegado de Medio Ambiente dí que se leva un rexistro, que é obriga ter un chip e explica que leva insistindo catro anos sobre este asunto para que a xente sexa mais responsable e cumpra a Ordenanza municipal. Manifesta igualmente que a Policía Local ten a orde de controlar e denunciar no seu caso pero ata o de agora non presentaron nin a primeira denuncia.

ROGOS E PREGUNTAS DE UPRI.-

O Concelleiro Sr. Reymondez Gancedo roga que cando se convocan os Plenos se acorde da xente que traballa e ten que estudar os asuntos porque se hai un fin de semana polo medio é moito mais fácil.

Formula outra pregunta relativa á asistencia a un Consello escolar na Escola de idiomas donde é representante do Concello e na que se puxeron de manifesto diversas cuestións. O Sr.Alcalde explica que cre que xa foron resoltas aínda que había algunhas cousas que dende o goberno municipal descoñecían.

Refírese a unha Sentenza do Tribunal Constitucional sobre as Xuntas de Goberno e o carácter público naquelas competencias que estean delegadas polo Pleno. O Sr.Alcalde dí que hai moi pouquiño sobre o tema e que se está mirando.

Formula tamén unha pregunta respecto ao Punto limpo e pregunta se vai saír a concurso.

Refírese ao vertedoiro de entullos.

O Concelleiro delegado de Medio Ambiente procede a respostar que sí, que se vai sacar a concurso e promóvese unha deliberación sobre este asunto entre o Concelleiro Sr.Reymondez Gancedo e o Concelleiro delegado de Medio ambiente sobre diferentes aspectos, cambios na normativa, noticias aparecidas na prensa, etc. etc.terciando tamén o Sr.Alcalde sobre a asesoría técnica que vai facer a Deputación Provincial para a elaboración dos Pregos de condicións técnicas para este concurso.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR.-

A Concelleira Sra. López-Braña Freije intervén en relación co asunto anterior plantexado polo Concelleiro da UPRI sobre o vertedoiro de entullos e as faltas de autorizacións á empresa URBASER para a xestión do vertedoiro, mostrando dúas actas da Consellería de Medio Ambiente e promovéndose de novo deliberación sobre este asunto co Concelleiro delegado de Medio Ambiente Sr.Cupeiro Rodríguez.

Pregunta se desas dúas actas se derivou algunha sanción para o Concello, respostando o Concelleiro Sr.Cupeiro Rodríguez que non e que non sabe se as houbo para a empresa.

Dado o alongamento da deliberación intervén o Sr.Alcalde para indicar que se está no apartado de Rogos e preguntas e toda vez que se está promovendo unha deliberación sobre este punto sinala que neste apartado de rogos e preguntas, tal como se indica, deben realizarse expresamente os rogos e as preguntas que se considere oportuno, deliberándose sobre os asuntos pero non converter isto “nunha feira”.

A Sra.López-Braña Freije fai un rogo en relación cun pivote existente na rúa San Francisco nunha obra, un pivote naranxa que leva moito tempo e outro na rúa Reinante rogando que se arranxe este asunto e indicando o Concelleiro Sr. Castro Reigosa que foi con motivo dunhas obras e que en canto acaben se resolverá.

Formula unha pregunta en relación co programa “Ribadeo Catedral do Mar” que parece que está financiado polo Grupo de Acción Costeira e o Concello e pregunta se está financiado tamén pola Xunta.

Pregunta tamén se o xestiona unha empresa privada ou o Concello, indicándoselle que saiu a concurso e o xestiona unha empresa privada. Pregunta donde saiu xa que non tivo coñecemento e respostando o Sr.Alcalde que se fixo como noutros casos a través dun procedemento negociado convidando a tres empresas e a pregunta da Concelleira de si se pode saber que tres empresas foron o Sr.Alcalde manifesta que ten o expediente nas oficinas a súa disposición.

A mesma Concelleira Sra.López-Braña Freije manifesta que o outro día saiu na prensa que a Mancomunidade presentaba no Parador de Ribadeo un programa de turismo, que estaban o Sr.Alcalde de Barreiros e o de Foz e pregunta se o Alcalde de Ribadeo foi invitado a dito acto, respostando o Sr.Alcalde que non, que se enterou pola prensa e que quedou sorprendidísimo, indicando a Concelleira que se debería facer unha protesta por esta falta de respecto. O Sr.Alcalde acepta o rogo.

Intervén a Concelleira do Grupo Municipal Popular Sra.González Loreda e roga que se adopten medidas de vixilancia e control para que non se orine no calexón da Fontenova, Bispo Cebeira. O Sr.Alcalde acepta o rogo.

O Concelleiro Sr.Valín Valdés formula un rogo de xeito irónico pedindo que os cartos non se ingresen en Foz.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinteduas horas e cincuenta e catro minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,